


## 3º Parte: Imaxe, son e vídeo

**Repaso 1º Sesión Programa Open-Sankoré e Multiclass.**  
**Recoñecemento dos distintos modos: escritorio, web e pizarra.** Uso da barra de ferramentas flotantes.  
**Manexo básico dos trazos, textos e das capturas de imaxes.**



### Exemplo de repaso

A través dunha **exposición** por parte da profesora, imos tratar de asentar os conceptos anteriores. No guión do curso\_na 2º sesión\_ apartado 2\_ imos repasar as distintas técnicas de traballo con documentos dixitais que vimos na anterior sesión. O exemplo elixido será: **Uso dun libro de texto dixital online, combinando anotacións persoais, textos manuscritos, recortes de imaxe, trazos e formas e texto tipográfico editable.**

### Práctica 10

Rematado o repaso expositivo, realizaremos as prácticas que nos quedaron pendentes. Cada alumno poderá repasar individualmente os procesos anteriores, e de paso, imos incorporar novos conceptos como o que figura no guión de contidos\_ sesión 2\_ apartado 3 :” Almacenamento de recursos”

- **Como xestiono na PDI unha imaxe que me interesa**



Plataforma de traballo: **Google earth**

**Que é mais longa, a pista de aterraxe de Vigo ou de Oporto?**

*Elaborar unha actividade no programa Open-SanKoré cos resultados da pesquisa, aportando datos gráficos e numéricos que inclúan as vistas aereas, a localización dos lugares mediante coordenadas e un plano cas medidas reais.*



**Queremos tamén:**


- Almacenar na galería de imaxes do programa os recursos empregados.
- Almacenar a actividade no repositorio de contidos do equipo e no meu dispositivo de traballo.

### Práctica 11

- **Como escoito un audio e leo un texto simultaneamente**

## O pracer de leer + escoitar ..... EL QUIJOTE EN MP3

<http://www.educaragon.org/arboles/arbol.asp?guiaeducativa=41&strseccion=a1a68>



### *Elixo un capítulo do libro “Don Quijote..”*

Elaborar unha actividade no programa Open-SanKoré co audio elixido, aportando o texto adecuado o capítulo. Elaborar novas actividades de aula que aproveiten este recurso e servan de base para novas metodoloxías. (resaltado do texto con marcador, extracción de palabras clave e búsqueda no diccionario, etc.)

## Práctica 12

### O pracer de escoitar + situarme nun contexto histórico ..... DENDE A MÚSICA NO 1918 ATA O MP3

<http://www.freemusicarchive.org/>

[https://es.wikipedia.org/wiki/Historia\\_del\\_registro\\_del\\_sonido](https://es.wikipedia.org/wiki/Historia_del_registro_del_sonido)

Elixo o autor: Author Fields e a canción “Oui, Oui, Marie” *Elaborar unha actividade no programa Open-SanKoré co audio elixido, aportando a letra da canción. Elaborar novas actividades a través de pesquisas sobre o contexto histórico desta canción (partitura, portada anunciadora, o gramófono, foi famosa porque....etc.)*

## Práctica 13

### O pracer de ver + entender ..... TRATAMENTO DIDÁCTICO DO VÍDEO

<http://www.youtube.com/watch?v=IIU1RxFgjdC>

<http://www.ine.es/ss/Satellite?c=Page&p=1254735893337&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&cid=1254735893337&L=0>



### *Visionado do vídeo: O IPC en España*

*Elaborar unha actividade no programa Open-SanKoré co video formativo, aportando os datos mais actuais do IPC, así como unha táboa das distintas provincias para poder realizar análisis comparativos.*

*Elaborar novas actividades usando unha folla de cálculo para recoller datos e facer estatísticas e gráficos propios. Facer unha ficha de cuestionario sobre o visionado do vídeo, e engadilo a actividade anterior como un anexo.*